

Máis vale previr que lamentar

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

Condutores polo mundo



Xoán planificou unha viaxe por Europa en coche e non sabe que documentación necesita. Margarida ten un fillo de Erasmus en Australia con carné de conducir español. É un dos 2,18 millóns de españois polo mundo.

Imprescindible

Tanto Xoán como o fillo de Margarida deben levar sempre a documentación adecuada orixinal (non fotocopias) e coñecer as regras de circulación do país de destino. É dicir...

Para ti: Permiso de conducir e DNI.

E para o coche: Certificado de matriculación, seguro obrigatorio en vigor (ou carta verde, que é un certificado internacional de seguro, avalado pola ONU e que equivale ao seguro obrigatorio do país visitado) e último recibo pagado, ficha técnica, ITV ao día e xustificante de pagamento do imposto de circulación.

En Europa

Existe un só **Permiso Único Europeo** tanto en formato como en condicións. Así que podes conducir sen problema se o teu permiso é válido e está vixente. Se tes que residir nun

deses países, poderás inscribirte no Rexistro de condutores de destino ou cambialo por outro permiso nacional.

Con tratados internacionais

España ten asinados abundantes tratados internacionais recíprocos. Segundo como estean redactados poderemos conducir co permiso español ou cambialo durante o prazo que vivamos alí.

Se non existe convenio, é preciso acudir ao Consulado español.

E os seguros?

Recorda que, se viaxas co teu propio automóbil, as coberturas do teu seguro poden cambiar ao cruzar a fronteira, pois existen exclusións en todas as condicións. Que facer ao respecto? Primordial: visítanos, revisamos as túas condicións e comprobamos en que casos estás cuberto, e se é necesario contratar un seguro de asistencia en viaxes. Gozar da conducción, das viaxes e das experiencias, tamén o é cando podes facelo coa tranquilidade de estar ben asegurado.

#E2K
BROKERNET

Red Nacional de
Corredores de Seguros

Boletín Mensual
Nº 37 / Marzo 2016

Os teus seguros sen «letra pequena»

Un seguro é un contrato entre dúas partes: ti e a compañía e como todo contrato, ten os seus dereitos e as súas obrigas. Nós como expertos analizamos as túas necesidades e ofrecémosche o mellor produto ao mellor custo. En todos os contratos se destacan claramente os prazos de anulación, tanto por parte da entidade como pola túa banda como asegurado, e ata agora fixébase en dous meses por Lei para ambas as dúas partes. **Este ano 2016 entraron en vigor algúns cambios** que supoñen boas noticias para ti.

Agora, **o prazo redúcese a 1 mes para ti como asegurado**. Non obstante, se é a compañía quen non quere renovar, deberá avisarte co prazo antigo (2 meses).

As pólizas de Dependencia e Decesos son especiais: só ti, como asegurado, podes anular o contrato e non a compañía.

Por certo, que tanto a forma como os prazos de anulación deben destacarse claramente.

E o contrato resaltarán, cunha tipografía especial, as exclusións e limitacións das garantías para que non haxa lugar a equívocos.



Pensións para autónomos, «branco e en botella»



Es autónomo, ou o que é igual, emprendedor, independente, o teu propio xefe. Coa «suor da fronte» xeras riqueza para o país e creas postos de traballo. Segundo un informe publicado por ATA, Federación de Traballadores Autónomos, o ano pasado, os autónomos, creastes 207 empregos ao día. Pero cando te xubilas, cobras un 30% menos que un traballador por conta allea.

Sabes por que? Porque o sistema de cotización de autónomos é voluntario e adóitanse elixir unhas bases máis baixas que as dos traballadores por conta allea, xa que o 86% dos autónomos cotizan pola base mínima á marxe dos ingresos que obteñan.

Solucións

Tes varias opcións, pero nós aconsellámosche que as combines xa que son compatibles.

Dun lado, **incrementa paulatinamente a túa base de cotización** equiparándoa aos teus rendementos netos. Así crece o teu dereito a percibir máis prestacións e tamén a túa propia pensión de xubilación aumentará.

Por outro lado **prepara un Plan de Pensións**. Axudarache a completar a pensión de xubilación pública, que sabemos que é insuficiente. Pero, ademais, podes rescatalo antes da túa xubilación en caso de incapacidade, ou ben protexer a túa familia en caso de falecemento.

Hai moitas boas opcións para un bo traballador autónomo coma ti, por que non te protexer como mereces? Somos especialistas, sabemos o que che convén. **Un seguro asegúrate e nós dámosche seguridade.**



Se te maquillas cun semáforo vermello, multa

Contámosche 5 infraccións coas que podes ser multad@ ata con 6.000 euros .

1. Aparcar na area da praia nun espazo protexido: ata 6.000 euros.
2. Levar a música moi alta nas proximidades dun punto de descanso, como un hospital: sancionouse ata con 2.400 euros por molestar aos veciños.
3. Morder as uñas, bicar o copiloto ou insultar co dedo outro condutor: 80 euros.
4. Non ir correctamente vestido (descalzo, sen camiseta, con chancletas ou tacóns): 200 euros.
5. Maquillarse ou comer conducindo: 200 euros e 2 puntos menos.

Chiste

Busca



Temporais do inicio do ano: «ao mal tempo boa cara»

Os ventos fortes e as tormentas axitaron o mapa de España durante os primeiros días do ano. Afortunadamente, existe unha protección especial para Riscos Extraordinarios, que cobre o Consorcio de Compensación de Seguros (CCS).

Entre o 3 e o 11 de xaneiro a metade norte do país e a illa de Mallorca estiveron azoutadas polo que se chama tempestade ciclónica atípica. O Consorcio comunicou que "indemnizará os danos que, como consecuencia do vento, sufriran os bens radicados nos devanditos municipios".

Con este tipo de coberturas, todos vivimos máis tranquilos.